



A FOLLA DA CGT

Núm. 41 - 6 novembro 2020

A saúde é o primeiro!

A segunda onda da pandemia está agravándose. Os datos de hospitalizacións e mortes non deixan lugar a dúbidas, tamén en Navantia, onde xa tivemos o primeiro brote. A dirección segue antepoñendo a produción á saúde e amosando un desprezo absoluto pola saúde e a vida dos traballador@s.

Datos Fene-Ferrol

	5 outubro	3 novembro	Aumento
Total casos acumulados	121	198	64%
Total positivos	24	43	79%
Activos na data (só principal)	1	6	500%

Positivo en IPA: non pode volver pasar

Hai un par de semanas, un compañeiro da IPA dou positivo na PCR. Trala corentena, e ó non ter síntomas, o SERGAS doulle a alta médica. El reincorporouse **presencialmente** sen que lle fixesen unha **segunda** proba.

Cando a **CGT** coñeceu esta circunstancia, acompañamos ó compañeiro á Enfermería, esixíndolle ó xefe dos servizos médicos esa nova PCR e que o compañeiro permanecese na casa mentres non se confirmase que estaba libre de virus, como está estipulado en Navantia. Trala negativa inicial, finalmente accedeu.

Ningún positivo pode volver ó choio sen que Navantia comprobe que fixo unha nova PCR que deu negativa. O contrario é **arris-car** a saúde dos traballador@s. Isto non pode volver a pasar.

Investimentos en ventilación?

En locais cerrados, a calidade do aire é decisiva para previr os contaxios. Só hai dúas maneiras de mantela: diminuír a concentración de persoas ou garantir unha renovación suficiente do aire.

O Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios (RITE) establece varias maneiras de medir esa calidade. Unha (a recomendada na guía do goberno sobre calidade do aire e prevención da covid-19) define o aire de calidade alta cando hai unha renovación de 12,5 litros/segundo e ocupante. Hai varias posibilidades de lograla, pero a única que pode estar controlada é un sistema de **renovación forzada** que, dende a aprobación do RITE, é **obligatorio en oficinas**. Os traballadores do naval estamos afeitos a el, pois lévanos tódolos barcos que facemos. Por suposto, pódese instalar a bordo e utilizalo durante a construción, pois simplemente hai que impulsar aire limpo do exterior e expulsar o viciado, establecendo un circuíto de circulación.

Non é un sistema sinxelo: hai que calcular caudais, comprar ventiladores e mangueras, estudar a circulación do aire. Pero **por suposto que é posible**. Só faltaba que a empresa diga que non ten enxeñeiros capaces de facer eses cálculos. A dirección ten que demostrar que prima a saúde dos traballadores, como presume nos medios.

Subcontratación da subcontratación

A raíz do positivo na Enfermería de Fene, moita xente pensou que fora un sanitario da principal. Non. Pero tampouco era de Quirón, a compañía subcontratada por Navantia. Era un compañeiro dunha subcontrata de Quirón. Navantia vai ben.

A **CGT** vén denunciando todo isto dende o principio e plantexando no seo do comité a necesidade de presionar a Navantia para que acometa os investimentos necesarios. Onte plantexámolo de novo, e de novo a resposta maioritaria foi que a empresa o está facendo ben.

Ante a gravidade da situación, a **CGT** convoca unha:

CONCENTRACIÓN

Martes 10 ás 10:00 na porta do Arsenal



Prazas de operarios júnior: o circo continúa

Esta semana realizáronse as entrevistas persoais ós candidatos que, aínda que aprobaron o exame teórico-práctico, a empresa considera **sospeitosos**. Pero como hai confinamento e o psicólogo non puido vir... foron por Skype! Moi profesional.

Vai atreverse a empresa a excluír a alguén por esta entrevista? Son tan burros para meterse en semellante enguedello? Porque a ver como explica que lle nega a praza a unha persoa por non superar a 2ª proba... despois de admitila na 3ª. Ou a ver como explica que lle

dá a praza a unha persoa con menos puntuación na 3ª proba que outra que queda sen ela, cando as bases din moi claramente que as prazas se cubrirán cos candidatos que obteñan **maior puntuación** na 3ª proba.

Se hai algunha exclusión, a **CGT** fará todo o posible para que todo isto acabe no **xulgado**.

Unha **chapuza** monumental e unha **violación** escandalosa das bases. E tamén unha proba máis da **conivencia** entre a empresa e CCOO, MAS e UGT, que aceptan todo isto.

Permiso retribuído recuperable

A **CGT** plantexou na permanente a necesidade de convocar unha **assemblea** de afectados para clarexar todo este asunto. Resposta da maioría sindical: non hai nada que clarexar porque todo está moi claro.

Pois algo que non está claro é por que até o 22 de outubro a empresa estivo pagando o aumento de xornada diaria por este permiso como txt e despois deixou de facelo. Unha cousa é non pedirlo á empresa e outra, opoñerse a esta condición máis vantaxosa para os traballador@s estando a empresa disposta a dala.

Contratos TS Junior

En 2018, os partidarios do Plan de Empresa cansaron de insistir en que os novos ingresos terían contrato **fixo**.

A realidade é outra: teñen un contrato **eventual** de **3 anos**, ampliable a 4. E cun período de proba de **6 meses**, o máximo que marca a lei.

Unha acta do 30 de abril do 2019 da Comisión Central de Emprego recolle que "as contratacións que se realicen durante o desenvolvemento do Plan de Emprego, con carácter xeral, terán unha duración máxima de **1 ano**, podendo excepcionalmente prolongarse ou reducirse a súa duración, **previo acordo das comisións locais** de emprego".

Xa que a maioría sindical tragou cos contratos eventuais, esperemos polo menos que cando estes compañeiros/as vaian cumprir o ano esixan que pasen a fixos.

Horas sindicais de outubro

Publicamos o cadro dos pases e horas sindicais utilizadas polos delegados da **CGT**:

Delegado	Horas	Pases	Horas	TOTAL
Vicente	48,00			48,00
Xaquín	70,00	Día 15. Proba teórico-práctica FIMO (07:15-09:15) (11:30-12:30)	3,00	73,00
Arturo	16,25			16,25
Javi	45,75	Día 1. Asemblea parcial Fene (09:45-10:45)	1,00	46,75
Benito	34,00			34,00
Carmen	15,50			15,50
TOTAL	229,50		4,00	233,50

O **detalle** das actividades de cada delegado indicando en que se gastan as horas sindicais e o listado completo de pases, recordade que o tedes no Teams, no grupo "**CGT en Navantia Ferrol (Difusión)**".



Contacta connosco:

Teléfono Interior: 1213
Telf. Exterior: 981 33 12 13
Telf. Móbil: 623 044 900

cgt.fe@navantia.es
naval.ferrolterra@cgtgalicia.org

Séguenos e comparte info nas RRSS:



CGTNavantiaFE